

## **ELITE – SUB 23**

Se houberse algo que destacar especialmente do noso equipo Elite durante o ano 2008, sería o gran compañeirismo que amosaron os corredores durante toda a tempada.

O momento cume foi a Volta a Galicia que se celebrou a primeiros de Xuño, na que Borja Calviño acadou o maillot definitivo de primeiro galego, arroupado por un gran equipo formado todo por corredores galegos e que lograron ademais a fazaña de rematar todos a proba.

Pero houbo que sufrir ata o final, xa que cando faltaban tan só dez quilómetros para rematar a máis importante volta por etapas de Galicia, despois de 5 días de competición e 650 qmts percorridos, un inoportuno pinchazo estivo a piques de estragar toda a laboura anterior. Só grazas ó esforzo de todo o equipo que se quedou a esperar a Borja para reintegralo ó pelotón a tempo, logramos o mellor resultado da tempada.

O resto da tempada estivo caracterizado polos bos resultados e ademais de Calviño, Adolfo Vicente, Oscar García, os irmáns Maroño, Vicente Alló e Paco Fernández foron habituais dos podiums, tanto no calendario galego coma no nacional. Agardamos seguir na mesma liña no ano 2009.

Agustín Ares  
Director deportivo

## **ELITE – SUB 23 TEMPADA 2008**

### **DIRECTOR.- Agustín Ares Domínguez "Tino"**

Director deportivo dende 1995, despois de ter competido en tódalas categorías ciclistas, incluídos catro anos de amateur nas filas do Club Ciclista Vigués – Pescanova.

Adestrador nacional dende 1998, iníciase coma adestrador no Club Ciclista Betanzos nas categorías de Escolas e Cadetes dende 1995 ata 2003, sendo tamén Director de Juniors no mesmo club dende 1999 ata 2002.

No ano 2001 faise cargo da escola do Club Ciclista Estradense-Hierros Diego. Neste mesmo club dirixe o equipo Elite-sub23 nas tempadas 2003-2004 e 2004-2005.

Como director, aínda que conqúeriúse vitorias en tódalas categorías, debemos destacar as do campionato de España:

- Con Eduardo Mosquera, Ciclocross Cadete no 2000.
- Con Patricia Roel, Estrada Cadete no 1999.
- E tamén con Patricia Roel, xa como Xunior no 2000.

Asemade gañou os Campionatos galegos nos anos 1999 e 2000 con Patricia Roel (Estrada cadete e Junior) e no 2000 con Eduardo Mosquera (Estrada e Ciclocross Cadete) e Andrés Calvete (Estrada Junior).

Este foi o seu segundo ano no club.



## CORREDORES

### **Borja Calviño del Rio**

Foi o seu 3º ano de categoría Elite. Unha vez máis Borja foi a priori a figura, destacando nunha renovada plantilla do equipo Elite. Arrancou a tempada xa cun amplo palmarés acadado nos pasados anos (gañador do ranking galego de Estrada Sub-23 no 2005, 2º no pasado 2006, 2º posto no campionato galego 2005 en Fondo en Estrada e dúas victorias absolutas no almanaque galego ), ó que hai que engadir o acadado o ano pasado: vencedor do ranking galego da categoría. Todo eso fala moi ás claras da súa regularidade, acreditación principal para chamar ás portas do profesionalismo.

### **Bernal Lores Varela**

Bernal repite do ano pasado como o principal colaborador de Borja.

### **Oscar García Piñeiro**

Ven do desaparecido Hierros Diego donde foi un dos corredores sub-23 máis destacados. Este será o terceiro ano na categoría e debe ser o da madurez.

### **Vicente Alló Barona**

Ven do Cidade de Lugo. É un corredor veterano que destaca cando as estradas se empinan, sendo un dos mellores escaladores do pelotón galego.

### **Francisco Fernández Moldes**

Igual que Vicente, Paco ven do Cidade de Lugo, donde destacou como un grande rodador. É un excelente home de equipo.

### **Adolfo Vicente Domínguez**

Procede do Compostelano e foi o júnior máis destacado do pelotón galego. Grande escalador e cun futuro prometedor. O pasado ano gañou a derradeira etapa da Volta Júnior a Pontevedra, sendo ademáis segundo na xeral da mesma.

### **David Nogueiras Canedo**

Ven do equipo júnior do propio club e este ano ten que ser de aprendizaxe.

### **Daniel Dono González**

Tamén ven do equipo júnior do Cambre. O ano pasado unha lesión o tivo casi en branco pero é un corredor que sabe o que e gañar en todas as categorías.

### **David e Diego Maroño Vales**

Dóus irmans que veñen do Hierros Diego e son corredores moi combativos e grandes escaladores.

### **Jonás Arbesu San José**

Asturiano, provén do Construcciones Paulino. Veterano e bó corredor de equipo.

### **Fernando Alba Sánchez**

Madrileño, provén do Tricantina. Corredor moi xoven cun futuro prometedor e bó home de equipo.

### **David Suárez Santamaría**

### **Gonzalo Regueiro**

## RESULTADOS ELITE – SUB 23 TEMPADA 2008

2 DE MARZO	
<b>GRAN PREMIO PATRONATO DE DEPORTES (ZAMORA)</b>	
Adolfo Vicente	12º
Borja Calviño	18º
Vicente Allo	30º
Francisco Fernandez	32º
Oscar Garcia	48º
Fernando Alba	50º

8 DE MARZO	
<b>GRAN PREMIO DE CAMARGO (CANTABRIA)</b>	
Borja Calviño	32º
Adolfo Vicente	41º
Oscar Garcia	42º

18 DE MARZO	
<b>GRAN PREMIO DE ASTILLERO (CANTABRIA)</b>	
Borja Calviño	17º
Vicente Alló	33º

28 DE MARZO	
<b>GRAN PREMIO SAN XOSÉ (VIGO)</b>	
Borja Calviño	5º
Oscar García	12º
Adolfo Vicente	14º
Vicente Alló	18º

29 DE MARZO	
<b>CLÁSICA DE PASCUA (PADRÓN)</b>	
Borja Calviño	9º
Oscar García	31º
Vicente Alló	34º
Adolfo Vicente	54º

12 DE ABRIL	<b>GRAN PREMIO DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (VIGO)</b>	
	Francisco Fernandez	13º
	Vicente Alló	16º
	Diego López	24º
	Oscar Garcia	26º
	Fernando Alba	40º

13 DE ABRIL	<b>GRAN PREMIO DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)</b>	
	Oscar Garcia	20º
	Vicente Alló	22º
	Iván Pintos	28º

18, 19 e 20 DE ABRIL	<b>VOLTA Á CORUÑA</b>	
	Oscar Garcia	54º
	Vicente Alló	72º
	Francisco Fernandez	80º

26 DE ABRIL	<b>GRAN PREMIO SAN MARCOS (NOYA)</b>	
	Oscar Garcia	6º
	Borja Calviño	8º
	Vicente Alló	13º (3º Montaña)
	Adolfo Vicente	18º
	David Maroño	23º

27 DE ABRIL	<b>COPA DE ESPAÑA ELITE (PONTEVEDRA)</b>	
	Oscar Garcia	39º
	Borja Calviño	58º

1, 2 e 3 DE MAIO	<b>TRES DÍAS DA ASCENSIÓN (SANTIAGO)</b>	
	Borja Calviño	48º (3º Galego)
	Oscar Garcia	66º (5º Galego)

11 DE MAIO	<b>LEÓN</b>	
	Borja Calviño	10º
	Bernal Lores	45º

17 DE MAIO	<b>DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (PORRIÑO)</b>	
	Borja Calviño	3º
	Adolfo Vicente	32º
	Vicente Alló	34º

18 DE MAIO	<b>LLANES (ASTURIAS)</b>	
	Borja Calviño	3º
	Vicente Alló	12º
	Adolfo Vicente	30º

23, 24 e 25 DE MAIO	<b>VOLTA CICLISTA MURALLAS DE LUGO</b>	
	Borja Calviño	18º (1º Galego)
	Adolfo Vicente	78º
	Oscar Garcia	81º

31 DE MAIO	<b>VOLTA Ó SALNÉS (RIBADUMIA)</b>	
	Borja Calviño	18º
	David Maroño	21º
	Vicente Alló	22º
	Oscar García	35º
	Adolfo Vicente	41º

4, 5, 6, 7 e 8 DE XUÑO	<b>VOLTA A GALICIA</b>	
	Borja Calviño	11º (1º Galego)
	Oscar García	46º
	David Maroño	47º
	Adolfo Vicente	50º
	Vicente Alló	74º
	Francisco Fernández	78º

14 DE XUÑO	
<b>VOLTA Ó RIBEIRO (OURENSE)</b>	
Adolfo Vicente	29º
David Maroño	30º
Vicente Alló	52º

20, 21 e 22 DE XUÑO	
<b>VUELTA A LA MONTAÑA CENTRAL (ASTURIAS)</b>	
David Maroño	29º
Adolfo Vicente	41º
Jonás Arbesu	92º
Fernando Alba	94º

28 DE XUÑO	
<b>MAREO (ASTURIAS)</b>	
Borja Calviño	18º
Diego Maroño	42º

5 DE XULLO	
<b>CAMPIONATO GALEGO DE FONDO (PADRÓN)</b>	
Borja Calviño	5º ELITE
David Maroño	6º ELITE
Adolfo Vicente	2º SUB 23
Oscar García	4º SUB 23
Diego Maroño	6º SUB 23

6 DE XULLO	
<b>CAMPIONATO GALEGO C.R.I. (LUOU)</b>	
Oscar García	3º SUB 23
Adolfo Vicente	8º SUB 23
Diego Maroño	10º SUB 23
Diego López	14º SUB 23
Borja Calviño	4º ELITE
David Maroño	6º ELITE
Vicente Alló	9º ELITE
Francisco Fernández	13º ELITE

21 DE XULLO		
<b>SAN PEDRO DE NAVES (ASTURIAS)</b>		
Borja Calviño		4º
David Maroño		15º

26 DE XULLO		
<b>CAMPEONATO DE ESPAÑA ELITE (CIUDAD REAL)</b>		
Vicente Alló		24º
David Maroño		35º
Borja Calviño		36º

6 DE AGOSTO		
<b>MEMORIAL PEDRO HERRERO (COPA DE ESPAÑA – MADRID)</b>		
Diego Maroño, Oscar García, Fernando Alba, Adolfo Vicente		

9 DE AGOSTO		
<b>CANTALEJO (SEGOVIA)</b>		
Adolfo Vicente		2º
Diego Maroño		3º
Vicente Alló		6º
David Maroño		40º
Francisco Fernández		56º
1º POSTO POR EQUIPOS		

10 DE AGOSTO		
<b>VILLALOBÓN (PALENCIA)</b>		
David Maroño		22º
Diego Maroño		16º

15 DE AGOSTO		
<b>LA BAÑEZA (LEON)</b>		
Borja Calviño		6º
Oscar García		8º
Adolfo Vicente		12º
David Maroño		13º
Diego Maroño		16º

16 DE AGOSTO		
<b>TORRE DEL BIERZO (LEÓN)</b>		
David Maroño		14º
Francisco Fernández		19º
Oscar García		21º

17 DE AGOSTO

**GRAN PREMIO DA PEREGRINA (PONTEVEDRA)**

Oscar García	7º
Adolfo Vicente	10º
David Maroño	12º
Diego Maroño	13º
Borja Calviño	15º
Rubén Gálvez	16º
David Suárez	17º
Francisco Fernández	18º

18 DE AGOSTO

**MEMORIAL AVELINO CAMACHO (COPA DE ESPAÑA –ASTURIAS)**

Oscar García	47º
Diego Maroño	71º

22-23 DE AGOSTO

**DÍPTICO DE VIGO**

David Maroño	16º
Diego Maroño	21º
Oscar García	34º

4 DE OCTUBRE

**GRAN PREMO DE SAN FROILÁN (LUGO)**

Vicente Alló	4º
Adolfo Vicente	7º
Diego Maroño	8º

